

María do Cebreiro**A VACA**

Mirabamos con atención para os ollos daquela vaca porque eran diferentes dos ollos de súas irmás, que durmían canda ela cada noite na corte da casa. Non eran ollos mansos. Era unha vaca guapa coma unha muller (de feito tiña nome de muller), pero aos cativos dábanos medo. As outras, menos bravas, foran bautizadas co nome dos furacáns. Ela tiña os cornos de punta, como as fouciñas que levaba na man a avoa Lola, vestida de negro, coa cabeza sempre tocada pero de saia curta, amosando as canelas que un día foran novas e desde logo á vista seguían sendo. Unha tarde, despois de comer, o can de palleiro que gardaba a casa mordeu a cabeza do curmán máis novo e a avoa colleu a escopeta e rematouno. Foi unha aprendizaxe brutal: ás veces, entre a vida e a vida, hai que escoller. Sigo soñando esperta, resístome a medrar, como se soñando esperta aínda me fose posible chegar a algunha parte. E volvo ver a casa humilde pero rexa: a lousa arriba, a pedra abaixo («e eu dígovos que se eles calan, as pedras falarán»), madeira nos escanos da cociña e no segundo piso, onda o cuarto do avó, a vella fotografía de época na que todos espreitan para o ollo

da cámara vestidos de festa, as mulleres con medias dun só día, medias caras das que ningunha fotografía nunca falará. (Unha mañá, diante da residencia, miña nai viu pasar unha muller coma elas e dixo: «esas mulleres coas súas medias de seda, toda a súa vida ás costas»). A casa da que veño, a que nunca foi miña. E ti vésme buscar precisamente alí, sen entender apenas de alianzas, sen entender quen viña sendo quen en cada cuarto, o nome dos curmáns, a natureza da trama que nos ata. Á porta da casa (o máis importante das casas son os adros) hai tinas cheas de uvas. Os meus parentes pisan o bagazo e ti vésme buscar, e sabes de memoria todas as palabras que, antes de coñecerte, eu escribín nun pequeno caderno verde, como se foses quen de entender o que quería dicir e como se puideses responderme: «Dime, quen nos sostiña cando volvíamos da lúa da colleita, da lúa de desherbar? Na nosa familia non houbo coroneis, senón soldados. Non houbo carne, senón patacas nos petos dos abrigos e nin sequera unha que non tivese ollos. Quen mirará por nós a través dos ollos das patacas? Quen falará dos retratos familiares en branco e negro, levemente coloreados (tantos irmáns que non collen no encadre), da ferruxe dos somieres que alindan as fincas, da roupa a clarear, dos ritos do verán, da emigración, das loitas (figuras roldando ao sol, riba do prado) entre os corpos dos homes e os corpos das mulleres?». Ti fas esas preguntas, que eu tamén escribira, e nas pingas de chuvia que a ponla espida brande como se fose a punta dunha lanza, vexo algo moi fermoso, vexo o tempo da ira, o tempo no que se fará xustiza neste mundo e os febles se volverán fortes e os grandes se verán obrigados a recoñecer a grandeza dos febles.